

## Curso teórico-práctico sobre a prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo no traballo (10 h)

Este curso, totalmente gratuíto, permitirá ás persoas participantes afondar en conceptos de acoso sexual e por razón de sexo, facilitando a identificación de condutas que poden ser constitutivas do mesmo.

Ase mesmo, nesta formación trataranse as consecuencias xurídicas do acoso e a súa tipificación no orde penal e administrativo, así como a aplicación de políticas de prevención e tratamento do acoso sexual e por razón de sexo no traballo, proporcionando ás persoas participantes ás ferramentas e modelos para a posta en práctica de ditas políticas e as orientacións prácticas para a investigación de situacións de acoso sexual e por razón de sexo no traballo.

### Docente

Sandra García Lombardía, Inspectora de traballo e seguridade social.

### Aprende ao teu ritmo

O curso estará composto por un **módulo teórico** e un **módulo práctico** que combinarán elementos e actividades síncronos e asíncronos co obxectivo de que a experiencia do alumnado sexa o máis satisfactoria posible, permitindo que as persoas participantes poidan aprender ao seu propio ritmo e horario e, ao mesmo tempo, teñan a oportunidade de intercambiar coñecementos e experiencias e interactuar entre elas.

### Que inclúe este curso?

- ✓ Marco normativo, conceptualización, elementos e exemplos de condutas
- ✓ Obrigas das diferentes partes involucradas
- ✓ A integración da prevención do acoso sexual e por razón de sexo na xestión da prevención de riscos laborais na empresa
- ✓ Protocolo para a prevención e tratamento
- ✓ A tutela administrativa e xudicial
- ✓ Consecuencias xurídicas e protección das vítimas

### Cal é a estrutura e o desenvolvemento deste curso formativo?

A duración do curso será de 10 horas e este adecuarase á seguinte estrutura:

- Módulo teórico (6,5h)
- Módulo práctico (3,5h)

### Módulo teórico

Este módulo estará composto por **pílulas formativas de 4 horas de duración (asíncronas)** a través das cales a docente exporá os contidos formativos do curso que estarán desagregados en sete temas vinculados á materia:



- ✓ Tema 1: O acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo: marco normativo, conceptualización, elementos e exemplos de conductas.
- ✓ Tema 2: Obrigas das empresas, da representación legal das persoas traballadoras e das persoas traballadoras ante o acoso sexual e por razón de sexo no traballo.
- ✓ Tema 3: A integración da prevención do acoso sexual e por razón de sexo na xestión da prevención de riscos laborais na empresa.
- ✓ Tema 4: O protocolo para a prevención e tratamento das situacións de acoso sexual e por razón de sexo no traballo.
- ✓ Tema 5: A tutela administrativa e xudicial ante as situacións de acoso sexual e por razón de sexo no traballo.
- ✓ Tema 6: O acoso sexual e por razón de sexo nas Administracións Públicas: especialidades.
- ✓ Tema 7: O acoso sexual e por razón de sexo como manifestación da violencia de xénero no lugar de traballo: consecuencias xurídicas e protección das vítimas.

Ase mesmo, levarase a cabo unha **sesión en liña de asistencia obrigatoria** na que as persoas que superen o test de avaliación poderán afondar sobre as ferramentas e modelos proporcionados, así como sobre os **aspectos prácticos da aplicación do Protocolo de Acoso** (sesión en liña\_ Protocolo de Acoso). Esta sesión cunha duración de 2,5 h terá lugar o xoves, **13 de abril de 16:00h a 18:30h**

### Módulo práctico

O módulo práctico combinará a explicación dos casos prácticos que deberán ser resoltos polas persoas participantes de maneira individual (gravación asíncrona de 1 h de duración) cunha **sesión en liña de asistencia obrigatoria** (sesión en liña\_ Resolución de casos prácticos) na que o alumnado exporá os seus traballos, recibirán feedback e traballarán nun debate conxunto. Esta sesión terá unha duración de 2,5 h e celebrárase o xoves, **20 de abril de 16:00 a 18:30h**

### Sistema de avaliación

Para obter unha avaliación positiva e **conseguir o certificado do curso**, o alumnado debe:

1. **Asistir e participar nas sesións en liña** programadas o **13 e 20 de abril** de 16:00 a 18:30h
2. **Responder satisfactoriamente, polo menos, o 70% das cuestións expostas nun dos test de avaliación** que figura na plataforma. Este será corrixido automaticamente, de modo que o alumnado recibirá os resultados de forma inmediata.

No módulo teórico, existirán dúas probas ( Test de avaliación 1 e Test de avaliación 2) e tan só con superar unha delas será suficiente:

- ✓ Se tras realizar unha das probas existentes (test de avaliación 1 ou test de avaliación 2) NON acada a puntuación requirida, ten a posibilidade de realizar o outro test.

- ✓ Se tras realizar unha das probas existentes (test de avaliación 1 ou test de avaliación 2) acada a puntuación requirida non é necesario que realice o outro test.

Cumpre sinalar que **para participar nas sesións en liña de asistencia obrigatoria**, e en consecuencia, obter o certificado de aproveitamento do curso, se esixirá que o alumnado **visualice as pímulas audiovisuais do módulo teórico e supere un dos tests de avaliación antes da 1º sesión en liña que se celebrará o 13 de abril**

### Cronograma do curso

| DATA        | ACTIVIDADE   | MÓDULO                              | MODALIDADE                       | HORAS  |
|-------------|--|-------------------------------------|----------------------------------|--------|
| 20 de marzo | Apertura do módulo teórico e acceso aos vídeos do contido e dos test de avaliación | Módulo Teórico + Test de avaliación | Sesión pre- gravada<br>Asíncrona | 4 h.   |
| 13 de abril | Sesión en liña_ Protocolo de Acoso   | Módulo Teórico                      | Sesión en liña<br>Síncrona       | 2,5 h. |
| 13 de abril | Apertura do módulo práctico e acceso o vídeo de explicación de casos prácticos     | Módulo Práctico                     | Sesión pre-gravada<br>Asíncrona  | 1 h.   |
| 20 de abril | Sesión en liña de traballo para a resolución dos casos prácticos                   | Módulo Práctico                     | Sesión en liña Síncrona          | 2,5 h. |
| 21 de abril | Final do programa formativo  | -                                   | -                                | 10 h.  |

**IMPORTANTE:** Antes da 1º sesión en liña que terá lugar o 13 de abril, **deberás visualizar as pímulas formativas e superar un dos test de avaliación.** En caso contrario, non poderás continuar co curso formativo e non optarás ao certificado de aproveitamento